O enfoque desta materia, ten un carácter integrador e inclúe unha multiplicidade de funcións: cognitivas, expresivas, comunicativas e de benestar. Por unha banda, o movemento é un dos instrumentos cognitivos fundamentais da persoa, tanto para coñecerse a si mesma como para explorar e estruturar a súa contorna inmediata. Por medio da organización das súas percepcións sensomotrices, tómase conciencia do propio corpo e do mundo que rodea, pero ademais, mediante o movemento, mellórase a propia capacidade motriz en diferentes situacións e para distintos fins e actividades, permitindo ata demostrar destrezas e superar dificultades.

Doutra banda, en tanto que a persoa utiliza o seu corpo e o seu movemento corporal para relacionarse cos demais, non só no xogo e o deporte, senón en xeral en toda clase de actividades físicas, a materia favorece a consideración de ambos como instrumentos de comunicación, relación e expresión.

Igualmente, a través do exercicio físico contribúese á conservación e mellora da saúde e o estado físico, á prevención de determinadas enfermidades e disfuncións e ao equilibrio psíquico, na medida en que as persoas, a través do mesmo liberan tensións, realizan actividades de lecer, e gozan do seu propio movemento e da súa eficacia corporal. Todo iso resulta ata máis necesario dado o seu papel para compensar as restricións do medio e o sedentarismo habitual da sociedade actual. A materia de Educación física actúa neste sentido como factor de prevención de primeira orde.

O corpo e o movemento son, xa que logo, os eixos básicos nos que se centra a acción educativa nesta materia. Trátase, por unha banda, da educación do corpo e o movemento no sentido da mellora das calidades físicas e motrices e con iso da consolidación de hábitos saudables. E por outro, da

educación a través do corpo e o movemento para adquirir competencias de carácter afectivo e de relación, necesarias para a vida en sociedade.

1º ESO

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XENERAIS

1. Coñecer e identificar os efectos que sobre o organismo provoca a práctica habitual da actividade física.
2. Coñecer e identificar os compoñentes do aparello locomotor para a realización de actividades motrices.
3. Desenvolver actitudes hixiénicas na práctica ordinaria de actividades físicas.
4. Diseñar un arrequemento xeral entrelazando as diferentes tarefas específicas.
5. Valorar o desenvolvemento do nivel de condición física propio e a súa relación cos hábitos de condutas positivas e negativas.
6. Valorar a riqueza cultural dos deportes e xogos tradicionais propios da comunidade, así como os recursos humanos e materiais á súa disposición para a práctica.
7. Desenvolver actitudes de autoexigencia e superación.
8. Mostrar actitudes de cooperación e respecto nas actividades físico-deportivas, valorando os logros e actuacións, con independencia de quen as realice.
9. Identificar os aspectos técnicos e tácticos básicos dos distintos deportes.
10. Elixir e participar en actividades físico-deportivas previa análise e valoración das capacidades físicas e habilidades motrices as propias motivacións.
11. Participar en actividades no medio natural, respectando as normas de seguridade e uso para a súa conservación.
12. Participar de xeito desinhibida e espontánea en actividades físico-deportivas, contribuíndo á súa organización e desenvolvemento.
13. Progresar no nivel de rendemento motor a través das habilidades

2º ESO

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XENERAIS:

1. Coñecer as bases do adestramento e a súa aplicación ao desenvolvemento da condición física.
2. Valorar o desenvolvemento do nivel de condición física propio e a súa relación cos hábitos de condutas positivas e negativas, as súas consecuencias e implicacións para a saúde e a calidade de vida.
3. Diseñar e organizar actividades, individualmente ou en grupo, que contribúan ao desenvolvemento físico-motor e socio-afectivo.
4. Identificar os aspectos técnicos e tácticos básicos dos distintos deportes.
5. Utilizar as propias habilidades expresivas como medio de relación e comunicación cos demais.
6. Elixir e participar en actividades físico-deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado.
7. Respetar o medio natural e favorecer a súa conservación.
8. Desenvolver actitudes de autoexigencia e superación.
9. Mostrar actitudes de cooperación e respecto na práctica das actividades físico deportivas.
10. Adoptar os hábitos de saúde axustados para a práctica da propia actividade física, sendo coherente cos coñecementos adquiridos e as necesidades do propio corpo.
11. Adaptar as habilidades específicas a situacións reais de xogo, resolvendo problemas de decisión individuais e colectivos.
12. Apreciar os elementos estéticos e plásticos do deporte, independentemente de quen o realice e do seu ámbito de práctica.
13. Elaborar actividades e tarefas xerais e específicas de arreforecemento válidas para calquera deporte.
14. Comprender o funcionamento básico do corpo humano e dos cambios provocados pola práctica do exercicio físico.
15. Dominar e superar os medos ante situacións de dificultade e perigo.

3º ESO

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XENERAIS:

1. Valorar a boa condición física persoal como base dunha mellor calidade de vida e saúde.
2. Coñecer os efectos xerais da actividade física sobre o organismo e a saúde
3. Incrementar as capacidades físicas e o rendemento motor dentro das posibilidades individuais.
4. Manter unha actitude crítica ante os hábitos de vida negativos para a saúde.
5. Aceptar o reto da competición cos outros, desenvolvendo actitudes de colaboración e respecto.
6. Utilizar e valorar o corpo como medio de comunicación e relación.
7. Valorar a importancia de respectar as normas de conservación do medio natural.
8. Coñecer e valorar as técnicas do arrefriamento específico e empregalas de forma autónoma.
9. Profundar naqueles hábitos que teñen un efecto positivo sobre o organismo.
10. Coidar manter en bo estado o material das instalacións de uso deportivo.
11. Elaborar programas básicos de adestramento de xeito autónomo.
12. Progresar en nivel de rendemento motor adaptándose aos diferentes cambios estruturais propios da adolescencia.
13. Perfeccionar as habilidades específicas relacionadas cos distintos deportes, incidindo nos factores perceptivos e de execución.
14. Profundar no coñecemento e valoración das posibilidades do medio natural cunha actitude responsable, adoptando medidas oportunas de protección e seguridade.
15. Participar activamente en manifestacións expresivas, colaborando coas demais para unha representación común.

4º ESO

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

1. Comprender os mecanismos orgánicos de adaptación ao esforzo en desenvolvemento das distintas capacidades físicas e establecer relacións coa propia experiencia.
2. Profundar na aplicación dos diferentes métodos e sistemas de adestramento das capacidades físicas.
3. Comprender e utilizar os principios do adestramento aplicándoos ao desenvolvemento de programas persoais de condición física.
4. Planificar e realizar de forma autónoma actividades físicas que impliquen mellora no rendemento físico-motor.
5. Participar activamente en manifestacións físico-deportivas fose do centro escolar, contribuíndo ao desenvolvemento social.
6. Perfeccionar utilizar con eficacia as habilidades específicas dos deportes practicados tanto no ámbito recreativo como no competitivo.
7. Dominar as habilidades ou técnicas básicas para o desenvolvemento de actividades no medio natural.
8. Fomentar actitudes de cooperación e respecto na práctica físico-deportiva.
9. Utilizar de forma consciente os recursos expresivos para mellorar a relación cos demais.
10. Respetar o medio ambiente e favorecer a súa conservación.
11. Recoñecemento dos valores culturais propios.
12. Desenvolver actitudes de autoexigencia e superación.

1º BACHARELATO

OBXECTIVOS

1. Coñecer e valorar vos efectos positivos dá práctica regular de actividade física non desenvolvemento persoal e social, facilitando a mellora dá saúde e dá calidade de vida.
2. Organizar e participar en actividades físicas como recurso para ocupar ou tempo libre e de lecer, valorando vos aspectos sociais e culturais asociados.
3. Adquirir un estilo de vida saudable, especialmente non que respecta á práctica continua e adaptada a actividade física.
4. Aprender vos procedementos básicos para a planificación de actividade física que permitan a xestión autónoma dun proxecto persoal de actividade física para á saúde.
5. Aprender vos procedementos sinxelos de avaliación que proporcionen información que facilite a toma de decisións fundamentais na elaboración dun proxecto persoal de actividade física.
6. Desenvolver as capacidades motoras de xeito diverso e global para favorecer a consecución e mantemento dunha boa saúde.
7. Desenvolver as capacidades motoras para consolidar unha aptitude motora que permita a preparación axeitada de probas de acceso aos estudos vinculados á educación física ou probas de acceso de carácter profesional.
8. Coñecer, organizar e practicar xogos motores e actividades deportivas, adaptadas aos intereses do alumnado, ás instalacións do centro e aos recursos materiais dispoñibles, dando prioridade á toma de decisións e aplicando recursos técnicos apresos nas etapas anteriores.
9. Coñecer e practicar actividades físicas non medio natural, favorecendo e demostrando actitudes que contribúan a súa conservación.
10. Adoptar unha actitude crítica fronte a practicas sociais con efectos negativos para a saúde individual e colectiva.
11. Coñecer e aplicar normas básicas de hixiene postural sobre a base de criterios ergonómicos.
12. Diseñar e practicar en grupos pequenos, composicións con ou sen base musical, como medio de expresión e comunicación.
13. Utilizar de xeito autónomo a actividade física e as técnicas de relaxación para a redución de desequilibrios e tensións dá vida diaria.
14. Coñecer vos estudos vinculados á educación física.
15. Superar vos estereotipos de xénero na práctica deportiva.
16. Coñecer vos elementos básicos dá historia do deporte galego nas súas principais modalidades deportivas.

D.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

1º.- TEMPORALIZACIÓN

TEMPORALIZACIÓN DE 1º ESO

TEMPORALIZACIÓN	UNIDADE DIDACTICA	Nº DE SESIONS	Nº SESIONS TOTAL
1º AVALIACIÓN	O QUECEMENTO	3	+/-22
	MELLORA A MIÑA CONDICIÓN FÍSICA	7	
	TICS (Tecnoloxía da información)	1	
	BAILE E DANZAS TRADICIONAIS	7	
	INICIACIÓN AS CARREIRAS e OS SALTOS DE VALLAS E LONXITUDE	4	
2ª AVALIACIÓN	MELLORA A MIÑA CONDICIÓN FÍSICA	10	+/-20
	VOLEIBOL I	5	
	MELLORA DE COORDINACIÓN DIVERSAS A TRAVÉS DE EXERCICIOS E XOGOS COOPERATIVOS DE MANEXO DE CORDA, AROS E MALABARES.	5	
3ª AVALIACIÓN	MELLORA A MIÑA CONDICIÓN FÍSICA	10	+/-22
	BALONCESTO	6	
	HABILIDADES XIMNÁSTICAS	5	
	PAS (Protocolo Básico de actuación)	1	

TEMPORALIZACIÓN DE 2º ESO

TEMPORALIZACIÓN	UNIDADE DIDACTICA	Nº DE SESIONS	Nº SESIONS TOTAL
1ª AVALIACIÓN	MELLORO A MIÑA CONDICIÓN FISICA	6	+/-20
	DEPORTES DE RAQUETA BADMINTON I	12	
2ª AVALIACIÓN	MELLORO A MIÑA CONDICIÓN FISICA	6	+/-22
	INICIACIÓN Ó VOLEIBOL I	8	
	ACTIVIDADES XIMNÁSTICAS E ACROBACIAS	8	
3ª AVALIACIÓN	MELLORO A MIÑA CONDICIÓN FISICA	6	+/-20
	XOGOS TRADICIONAIS	4	
	BALONMÁN I	9	
	PAS (Protocolo Básico de actuación)	1	

TEMPORALIZACION DE 3º ESO

TEMPORIZACION	UNIDADE DIDÁCTICA	Nº DE SESIONS	Nº SESIONES TOTAL
1ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FÍSICA	8	+/-20
	BALONMAN II	12	
2ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FÍSICA	8	+/-20
	VOLEIBOL II	8	
	DANZAS DO MUNDO	4	
3ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FÍSICA ACTIVIDADES CON BASE MUSICAL : AEROBIC	4	+/-20
	ACTIVIDADES MEDIO NATURAL ORIENTACIÓN	6	
	XOGOS E DEPORTES INDIVIDUAIS: XIMNASIA DEPORTIVA.	8	
	PAS (Protocolo Básico de actuación)	2	

TEMPORALIZACION DE 4º ESO

TEMPORALIZACION	UNIDADE DIDACTICA	Nº DE SESIONS	Nº SESIONS TOTAL
1ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FISICA	10	+/-22
	INICIACIÓN Ó FÚTBOL	12	
2ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FISICA	8	+/-20
	DEPORTES DE RAQUETA	8	
	XOGOS POPULARES	4	
3ª AVALIACION	MELLORO A MIÑA CONDICION FISICA	6	+/-20
	AEROBIC	4	
	DEPORTES ALTERNATIVOS	5	
	RUGBY	4	
	PAS	1	

TEMPORALIZACION DE 1º BACHARELATO

UNIDADE DIDACTICA	TEMPORALIZACIÓN	Nº DE SESIONS	Nº SESIONS TOTAL
1ª AVALIACION	MELLORA DA CONDICIÓN FISICA	6	+/-20
	BALONCESTO	14	
2ª AVALIACION	MELLORA DA CONDICIÓN FISICA	6	+/-20
	PAS (Protocolo básico de actuación)	1	
	VOLEIBOL	13	
3ª AVALIACION	TRABALLO NO MEDIO NATURAL. ORIENTACIÓN	4	+/-20
	SESIONES MULTIDEPORTE (IMPARTIDAS POLO ALUMNADO)	16	

2º.- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

MINIMOS PRIMEIRO ESO

- . Conseguir obxectivos mínimos sobre os contidos actitudinais reflectidos na avaliación
- . Manter unha carreira continua durante 1 km sen parar, cun ritmo propio para cada alumno.
- . Realizar os xestos técnicos da carreira.
- . Realizar os xestos técnicos dos tipos de saltos en atletismo (vallas, lonxitude...)
- . Realizar de forma global unha voltereta cara adiante (varias modalidades), cara atrás e a roda lateral.
- . Coñecer as principais partes do corpo que compón o aparello locomotor.
- . Ser capaz de realizar un quecemento, explicando a súa función e as partes que o compoñen e diferenciando as tarefas de estiramientos das de mobilidade articular.
- . Identificar, realizar e describir tarefas que traballen as diferentes calidades físicas que compón a condición física, de xeito individual e colectiva.
- . Describir tarefas de xeito escrito definindo claramente o obxectivo.
- . Saber tomarse a frecuencia cardíaca como medio de control da actividade.FCB e FCM.
- . Coñecer e/ou aplicar a técnica de toque de dedos y recepción mano baixa en voleibol.
- . Ser capaz de realizar habilidades de manexo de malabares: con dous bolas e con tres.
- . Ser capaz de realizar exercicios de coordinación ca corda, a través dos saltos.
- . Coñecer e aplicar en situación de xogo o regulamento básico de voleibol.
- . Coñecer e/ou explicar os tipos de bote en baloncesto, utilizándoos no momento adecuado en función da súa utilidade.
- . Coñecer e aplicar en situación de xogo o regulamento básico do baloncesto.
- . Identificar e/ou aplicar cando se ataca e cando se defende con intencionalidade táctica, en función do balón, adversarios e compañeiros, progresando polo campo, nos deportes de equipo.
- . Adoptar e/ou coñecer a actitude corporal base para desprazarse polo campo.
- . Identificar, realizar e describir tarefas realizadas en clase que traballen os contidos e obxectivos das diferentes unidades didácticas traballadas recoñecendo os factores base vistos explicados que determinan a súa realización.
- . Ser capaz de realizar un baile tradicional autóctono (muñeira).
- . Ser capaz de realizar un protocolo básico de actuación (PAS).

MINIMOS 2º ESO

- .Coñecer as principais partes do corpo que compón o aparello locomotor. Principais músculos, articulacións e ósos vistos en clase. Localización.
- .Manter unha carreira de 1 km. sen parar, cun ritmo propio para cada alumno.
- .Realizar e/ou explicar os métodos de desenvolvemento das calidades físicas referidos na unidade didáctica de condición física traballados en clase.
- .Identificar, realizar e/ou describir tarefas realizadas en clase que traballen os contidos e obxectivos das diferentes unidades didácticas traballadas en clase, de xeito, recoñecendo os factores base vistos e explicados que determinan a súa realización.
- .Saber tomarse a frecuencia cardíaca como medio de control da actividade FCB e FCM.
- . Coñecer que frecuencia cardíaca corresponde a cada tipo de exercicio.
- . Ser capaz de realizar un quecemento, explicando a súa función e as partes que o compón, diferenciando as tarefas de estiramientos das de mobilidade articular, e dirixindo o dun compañeiro. Descrición e debuxo.
- .Lograr capacidades de esforzo (adaptadas ás características e potencial de cada alumno) de auto esixencia, superación esforzo persoal, mellorando a situación individual inicial de partida ao comezo de cada unidade didáctica.
- .Coñecer e/ou explicar os tipos de bote en baloncesto, utilizándoos no momento adecuado en función da súa utilidade. (Curso anterior).
- .Coñecer e aplicar en situación de xogo o regulamento básico do baloncesto. (curso anterior)
- .Identificar e/ou aplicar cando se ataca e cando se defende con intencionalidade táctica, en función do balón, adversarios e compañeiros, progresando polo campo, nos deportes de equipo. (Curso anterior)
- .Realizar os golpes básicos do bádminton.
- .Coñecer e aplicar en situación de xogo as normas básicas do badminton.
- . Identificar nos fundamentos dos deportes colectivos e/ou aplicar cando se ataca e cando se defende con intencionalidade táctica, en función do balón, adversarios e compañeiros, progresando polo campo.
- .Adoptar e/ou coñecer a actitude corporal base para desprazarse polo campo.
- .Realizar adecuadamente e/ou explicar os elementos técnicos, tácticos, así como sistemas defensivos e de ataque, de balonmán e traballados en clase.
- . Coñecer e aplicar en situación de xogo o regulamento do balonmán.
- . Coñecer e realizar elementos ximnásticos básicos e unilos na súa realización: voltereta cara adiante, cara atrás, roda lateral, equilibrio invertido, equilibrio de cabeza, xiros, elementos de enlace,...
- .Coñecer e practicar 3 xogos tradicionais.
- .Coñecer e aplicar a técnica básica de voleibol: toque de dedos, mano baixa y saque mano baixa.
- . Coñecer e aplicar en situación de xogo o regulamento do voleibol.
- . Ser capaz de realizar un protocolo básico de actuación (PAS).

MINIMOS 3º ESO

- . Conseguir obxectivos mínimos sobre os contidos actitudinais reflectidos na avaliación xeral da materia.
- .Coñecer as principais partes do corpo que compón o aparello locomotor.
- .Principais músculos, articulacións e ósos vistos en clase. Movementos de cada articulación. Localización.
- .Realizar e/ou explicar os métodos de desenvolvemento das cualidades físicas referidos na unidade didáctica de condición física traballados en clase.
- .Manter unha carreira continua durante 1 km sen parar, cun ritmo propio para cada alumno.
- .Planificar a actividade física persoal durante o tempo determinado na U.D para mellorar a condición física baixo parámetros de saúde e calidade.
- .Saber tomarse a frecuencia cardíaca como medio de control da actividade.FCB e FCM.
- . Ser capaz de realizar un quecemento de xeito autónomo, explicando a súa función, diferenciando as tarefas de estiramientos das de mobilidade articular, dirixindo o quecemento de toda a clase marcando as pautas, ritmo e tarefas a realizar, dirixidas a un traballo específico posterior. Descrición e debuxo.
- .Coñecer de xeito sinxelo as vías enerxéticas principais.
- .Ser capaz de describir tarefas cunha finalidade determinada sobre os contidos traballados en clase.
- .Identificar, realizar e/ou describir tarefas realizadas en clase que traballen os contidos e obxectivos das diferentes unidades didácticas traballadas en clase.
- .Lograr a capacidade de esforzo (adaptada ás características e potencial de cada alumno) de auto esixencia, superación e esforzo persoal, mellorando a situación individual inicial de partida ao comezo da unidade didáctica.
- .Realizar e/ou explicar os elementos técnicos do voleibol traballados en clase detectando os erros dun mesmo ou de compañeiros, toque de dedos, toque de antebrazos, saque en mano baixa, remate,...
- . Coñecer e aplicar en situación de xogo o regulamento básico de volei.
- .Aplicar e/ou explicar os obxectivos de intencionalidade táctica xenerais dos deportes de equipo aplicados ao voleibol durante o xogo de 3.3
- .Adoptar e/ou coñecer a actitude corporal base para desprazarse polo campo.
- .Coñecer os principios inmediatos relacionados co gasto calórico das actividades deportivas a través das vías enerxéticas do organismo.
- .Coñecer e practicar 3 xogos populares.(Curso anterior).
- . Ser capaz de realizar un protocolo básico de actuación (PAS).
- . Realizar una representación con base musical (aerobic) de 2 m.
- .Realizar e/ou explicar os elementos técnicos do balonmán traballados en clase detectando os erros dun mesmo ou de compañeiros: pases, bote, tiro a puerta...(Curso anterior).
- . Coñecer e aplicar en situación de xogo o regulamento básico de balonmán.
- . Coñecer e realizar elementos ximnásticos básicos e unilos na súa realización: voltereta cara adiante, cara atrás, roda lateral, equilibrio invertido, equilibrio de cabeza, de brazos, paloma...
- . Realizar actividades de orientación pola entorna do centro utilizando el geocaching (Actividades no medio natural)
- . Conocer, realizar y componer alguna Danza do Mundo.

MINIMOS 4º ESO

- . Conseguir obxectivos mínimos sobre os contidos actitudinais reflectidos na avaliación xeral da materia.
- .Ser capaz de describir tarefas cunha finalidade concreta sobre os contidos traballados en clase.
- .Lograr a capacidade de esforzo (adaptada ás características e potencial de cada alumno) de auto esixencia, superación e esforzo persoal, mellorando a situación individual inicial de partida ao comezo da unidade didáctica.
- .Identificar, realizar e/ou describir tarefas realizadas en clase que traballen os contidos e obxectivos das diferentes unidades didácticas.
- .Principais músculos, articulacións e ósos vistos en clase. Movementos de cada articulación. Localización.
- .Coñecer a estrutura básica do músculo.
- .Realizar e/ou explicar os métodos de desenvolvemento das calidades físicas referidos na unidade didáctica de condición física traballados en clase.
- .Planificar a actividade física persoal durante o tempo determinado na U.D para mellorar a condición física baixo parámetros de saúde e calidade.
- . Manter unha carreira continua 1 km sen parar, cun ritmo propio para cada alumno.
- . Ser capaz de realizar un quecemento de xeito autónomo, explicando a súa función e as partes que o compón, diferenciando as tarefas de estiramientos das de mobilidade articular, dirixindo o quecemento de toda a clase marcando as pautas, ritmo e tarefas a realizar. Descrición e debuxo.
- .Coñecer de xeito sinxelo as vías enerxéticas principais.
- .Realizar e/ou explicar os elementos técnicos do fútbol traballados en clase detectando os erros dun mesmo ou de compañeiros.
- .Realizar e/ou explicar os elementos técnicos do rugby traballados en clase detectando os erros dun mesmo ou de compañeiros: pase, placaxe, mele, maul, ruck, touche,..
- .Aplicar e/ou explicar os elementos de táctica individual sobre o bádminon traballados en clase.
- .Coñecer os aspectos básicos vistos en clase sobre dieta e saúde, relacionándoo coas vías enerxéticas, principios inmediatos e actividade física.
- .Representar en grupo un composición expresiva e/ou rítmico musical de 5 minutos,(aerobic) traballando a condición física de xeito paralelo. (Curso anterior)
- .Coñecer e practicar 4 xogos populares.
- .Coñecer os datos básicos e a importancia dos xogos olímpicos da antiguidade e dos modernos.
- . Ser capaz de consolidar coñecementos teórico-prácticos das habilidades ximnásticas e de acroximnasia.(Curso anterior).
- . Ser capaz de consolidar coñecementos teórico-prácticos das habilidades de xogos alternativos: brilé, fútbol gaélico, fútbol-tenis, ultimate...
- . Ser capaz de realizar un protocolo básico de primeiros auxilios.

MINIMOS 1º BACHARELATO

- . Conseguir obxectivos mínimos sobre os contidos actitudinais reflectidos na avaliación xeral da materia.
- .Realizar un test de cada unha das capacidades físicas traballadas, mellorando a súa realización individual desde o inicio da unidade didáctica ao finalizar a mesma.
- .Realizar unha programación trimestral para a mellora da condición física, atendendo ao coñecemento dos aspectos básicos da condición física, da teoría e métodos do adestramento de cada calidade e a planificación, tendo como prioridade a saúde.
- .Ser capaz de realizar e/ou describir tarefas realizadas en clase identificando a súa finalidade.
- .Manter unha carreira continua durante 1km. sen parar, cun ritmo propio para cada alumno.
- .Realizar e/ou explicar os elementos técnicos do baloncesto traballados en clase detectando os erros dun mesmo ou de compañeiros..
- .Realizar e/ou explicar os elementos técnicos do voleibol traballados en clase detectando os erros dun mesmo ou de compañeiros..
- . Aplicar e/ou explicar os obxectivos de intencionalidade táctica xenerais dos deportes de equipo.
- .Ser capaz de describir tarefas cunha finalidade dos contidos traballados en clase.
- .Lograr situacións (adaptadas ás características e potencial de cada alumno) de auto esixencia, superación e esforzo persoal, mellorando a situación individual inicial de partida ao comezo da unidade didáctica.
- .Ser capaz de seguir un rumbo que me marcan e realizar un rumbo para que outros alumnos sígano utilizando o compás. Calcular distancias sobre plano e analizar a orografía para determinar rutas posibles e tempos estimados de duración.
- .Realización dun itinerario ficticio de varios días sobre un mapa real onde se desenvolvan os contidos da unidade de actividades no medio natural fixados.
- . Ser capaz de realizar un protocolo básico de primeiros auxilios.
- . Ser capaz de recoñecer as lesións deportivas máis comúns e a súa forma de actuar ou tratar ditas lesións.
- . Ser capaz de consolidar coñecementos teórico-prácticos das habilidades ximnásticas e de acroximnasia, realizando composicións artísticas grupales (acroport).
- .Coñecer os aspectos básicos dos estudos universitarios de E.F. e as diferentes saídas profesionais.
- . Ser capaz de realizar e impartir unha sesión dun deporte ou actividade física a elixir polo propio alumno/a ó resto da clase.
- . Ser capaz de consolidar coñecementos teórico-prácticos das habilidades de xogos alternativos: brilé, fútbol gaélico, fútbol-tenis, ultimate...(Curso anterior).
- . Realizar e/ou explicar os elementos técnicos do rugby traballados en clase detectando os erros dun mesmo ou de compañeiros: pase, placaxe, mele, maul, ruck, touche,.. (curso anterior).
- . Representar en grupo un composición expresiva e/ou rítmico musical de 5 minutos,(aerobic) traballando a condición física de xeito paralelo. (Curso anterior)

3º.- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Avaliación do alumno .

As intencións da avaliación no marco do proceso educativo que plantexa a nosa labor, busca valorar os tres elementos que interveñen no proceso ensino-aprendizaxe: avaliación do alumno, avaliación do profesor e avaliación do proceso da acción didáctica.

O modo de avaliación que utilizaremos é o de Avaliación Continua. Esta forma de avaliar supóns adecuar a ensinanza ó ritmo de aprendizaxe dos alumnos e supón a sistematización e regularidade da avaliación producindo unha retroalimentación continua que nos permite introducir correccións que facilitan o logro dos obxetivos intermedios de cada unidade didáctica e de cada nivel educativo. Consiste nunha atención continuada a todas as manifestacións do alumno, que nos serven para comprobar e mellorar a acción educativa. De aí que os principais medios sexan a observación sistemática do profesor e a valoración das actividades que o alumno desenvolve. O ideal será, sempre que o número de alumnos o permita, o fuxir de probas de avaliación; pero como este feito é certamente difícil, faise necesaria a aplicación periódica de probas específica para medir e valorar aspectos concretos do proceso educativo.

E.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

METODOLOXIA EDUCACION FISICA

ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE

- .Diagnóstico/coñecemento previo.
- .Introdución/motivación
- .Desenvolvo/Aprendizaxe
- .Consolidación /Reforzo
- .Resume/síntese
- .Profundización/ampliación
- .Avaliación

Fundamentalmente ao comezo de cada Unidade Didáctica traballaremos actividades de diagnóstico e coñecemento previo, así como algunha de introdución e motivación.

No caso de traballar un contido dando o curso anterior a outro nivel, deberemos realizar varias sesións de consolidación e reforzo co fin de que o alumno recorde o traballado con anterioridade, sentando a base necesaria para progresar e alcanzar os novos obxetivos, relacionados cos anteriores, pero moito máis ambiciosos.

Neste ano, dada a situación de pandemia en que nos encontramos, situaremos os contidos non dados na terceira avaliación, na primeira, sempre que proceda o seu desenvolvemento.

ESTRATEGIAS METODOLOGICAS

- ESTILO ENSINO

- .Asignación de Tarefas
- .Descubrimiento guiado
- .Mando directo
- .Resolución de problemas

A riqueza de contidos da nosa materia posibilita utilizar a maioría, ata ir variándoos en función dos contidos e ritmos de aprendizaxe. No entanto, as estratexias utilizadas deben sinalarse para cada sesión que compón a Unidade Didáctica.

De xeito xeral dicir que utilizaremos fundamentalmente o mando directo e a resolución de problemas principalmente. O tempo é tan pouco en educación física que é o máis aconsellable, aínda que é certo que en determinado momento poden utilizar os estilos menos directivos fomentando así a experimentación mais creativa, activa e significativa ao estudante.

- TIPO DE PRÁCTICA

- .Masiva
- .Distributiva

A riqueza de contidos da nosa materia posibilita utilizar a maioría, ata ir variándoos en función dos contidos e ritmos de aprendizaxe, no entanto fundamentalmente será distributiva.

-METODO DE PRÁCTICA

- .Analítico
- .Global
- .Mixto

Ao fío dos estilos de ensino, fundamentalmente será analítico e mixto.

-TIPO DE TAREFA

- .Perceptiva
- .Toma de decisión
- .Execución

Tendente ás de execución cando primen aspectos técnicos ou puramente físicos, e máis en liña perceptiva e de tomas de decisión cando a influencia táctica sexa maior, ou se requira que o alumno pense o que fai antes de realizalo.

F.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

Non se utilizará libro de texto continuando así coa forma de traballo dos cursos anteriores. Trátase de preparar un material curricular en forma de apuntes, pero de cada unha das unidades didácticas. De tal xeito que teñan un soporte documental o máis axustado posible á realidade do día a día da clase. Así pois, os diferentes tipos de materiais que usaremos serán:

- Material impreso: materiais de aula en forma de apuntes.
- Recursos materiais: Materiais didácticos para o desenvolvemento dos contidos; incluírase tanto os convencionais (balóns, aros, cordas...) como os non convencionais (globos, botellas...).
- Materiais audiovisuais: vídeos, programas informáticos, internet...

Empregaranse polo tanto materiais específicos da materia (balóns, colchonetas, plintos, raquetas, compases...). Ademais usaremos vídeos, fotos, recortes de prensa, diapositivas, mapas topográficos, bibliografía diversa... Tamén botaremos man do material alternativo como globos, periódicos, botellas, cartóns... E como material impreso guía usaremos apuntes elaborados polo departamento que estarán a disposición, e serán entregados os nenos/as a través das distintas plataformas de que dispoñan, y que serán previamente informados (EDIXGAL, AULA VIRTUAL, SIXA...)

G.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN: CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO PRESENCIAL E NON PRESENCIAL.

ASPECTOS XERAIS

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da Educación secundaria obrigatoria será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

Os profesores avaliarán aos seus alumnos tendo en conta os diferentes elementos do currículo.

Os criterios de avaliación das materias serán referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como o de consecución dos obxectivos.

O equipo docente constituído polo conxunto de profesores do alumno, coordinados polo profesor titor, actuará de xeito colexiado ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes do mesmo para a titulación / promoción ou non dos alumnos.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, axiña que como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. Para iso debe expresarse

claramente a activa participación do alumno, cun constante traballo e interese, pero que non resulta suficiente para chegar aos obxectivos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA ENSINO PRESENCIAL

✓ **50%: participación e traballo diario.**

No que se terá en conta:

- Puntualidade e asistencia.
- Asistencia obrigatoria a clase: tres faltas sen xustificar suporán a perda da opción de superar a avaliación.
- Actitude participativa, activa e positiva tanto a nivel persoal, como respecto dos demais (de axuda á aprendizaxe, ou como modelo de mellora), independentemente do grao de dominio da materia, en cada unha das unidades didácticas deseñadas e nas tarefas propostas.
- Aseo diario logo da práctica. Obrigatorio levar: camiseta limpa, toalla e xel ou xabón.
- Coidado, recollida e uso correcto do material.
- Utilización de indumentaria deportiva adecuada: zapatillas deportivas ben atadas e axeitadas, pelo recollido, ...
- Non traer obxectos de valor: reloxos, cadenas, móbiles...
- Traer mascariñas de reposto.
- Tres faltas sen xustificar no trimestre suporán a imposibilidade de aprobar a avaliación.
- Conduta que facilite normal desenvolvemento das clases.
- Actitude positiva nas actividades complementarias e extraescolares.
- Respecto e axuda a profesor e compañeiros na atención na explicación das tarefas e a súa realización.
- Exteriorizar nas sesións comportamento de superación e esforzo de sobre as tarefas propostas.
- Sacar a mascariña, non manter a distancia de seguridade de xeito reiterado ou tocar o material non permitido, suporá unha falta grave.
- Presentación dos traballos nas datas fixadas

- ✓ **30%: avaliación práctica.** Mediante probas prácticas de execución de contidos, partindo da avaliación inicial dos alumnos, xeralmente unha por u.d., rexistro diario de clase,...
- ✓ **20%: avaliación teórica.** Mediante exames orais e escritas. Tamén poderán facer traballos escritos que se determinarán en cada u.d., caderno de clase.

Para poder superar a avaliación o alumno deberá ter un 5 de media e nunca menos de 4 nunha das partes.

Se nalgunha avaliación non se fai o exame teórico, a media será un 40% o traballo diario e un 60% a parte práctica.

A avaliación dos alumnos exentos da práctica levarase a cabo de forma especial. Debido a que a exención na asignatura atinxe só a práctica e non ós aspectos teóricos, os alumnos exentos deberán realizar:

- Copia diaria da sesión que realizan os seus compañeiros, indicando os exercicios realizados, a qué parte da sesión pertence, descripción teórica e gráfica e incidencias que poideran producirse, así como participación e axuda no desenrolo da clase: anotando tempos, medindo probas, axudando co material. **40%**
- Presentación dun traballo cada avaliación con temas previamente determinados nunha conversa co profesor, relacionado cos contidos da avaliación e o motivo de exención. **40%**
- Exame teórico. **20%**

Se un alumno ten suspensa unha avaliación poderá facerse media coas outras dous para a nota final, se ten dúas, estará automaticamente suspenso.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA ENSINO NON PRESENCIAL.

Considerando que haxa períodos de ensino presencial combinado con mínimos períodos de ensino non presencial, mantemos o baremo do curso anterior no confinamento para o **Ensino non Presencial**:

- Os coñecementos teóricos sumarían 2 puntos con respecto á media do ensino presencial. **Instrumentos de avaliación:** exames, traballos, cadernos, diario da actividade....

H.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Aqueles alumnos que acaden una calificación negativa durante algunha avaliación terán dereito a beneficiarse dalgún dos seguintes Sistemas de Recuperación sempre que acrediten o mínimo establecido de asistencia a clase:

- Sistema acumulativo: parte dos contidos da programación están indistintamente ligados a outros.
- Probas escritas ou traballos para lograr uns obxetivos mínimos.
- Valoración do progreso obtido nas posteriores avaliacións.
- Probas prácticas ou teórico-prácticas.

Será o profesor en última instancia quen decidirá qué sistema de recuperación é o máis indicado.

Na convocatoria extraordinaria de setembro será obrigatoria a realización dun exame teórico (50%) e outro práctico (50%).

Os alumnos que teñan a **asignatura pendente do curso anterior** terán os seguintes sistemas de recuperación:

- Informe favorable do profesor do curso no que se encontre xa que é imposible asistir a clases de recuperación. Aprobando as dous primeiras avaliacións do curso superior darase por aprobado o curso anterior.
- Traballos escritos ou probas teóricas a longo do curso sobre os contidos de cada unha das avaliacións do curso anterior.

I.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Partimos da idea xeral de que cada alumno é diferente aos demais; as aprendizaxes previas, o nivel de maduración, a situación persoal e familiar e os factores xenéticos son algúns aspectos que poden marcar diferenzas entre os alumnos á hora de aprender, e por iso é polo que a aprendizaxe desenvólvese de modo individualizado, de maneira que cada cal observe a súa propia progresión. Para diminuír as diferenzas e achegar currículo ás características individuais de cada un, sen tratar por iso de diminuír o grao de esixencia senón de flexibilizalo.

Os alumnos con necesidades educativas especiais terán a posibilidade de adaptar os tres tipos de contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais) ás súas necesidades específicas coa supervisión do profesor. Practicamente en todas as actividades que se propón empréganse materiais e regulamentacións adaptadas á idade e a unha concepción menos competitiva e máis lúdica da

actividade física, polo que todos os alumnos poden participar sen importar o nivel de execución motriz.

Os grupos de traballo serán flexibles o que permitirá ir graduando os niveis e que os alumnos traballen segundo as súas posibilidades.

De calquera xeito, para os casos concretos nos que o alumno non pode participar de xeito igual que o resto propóranse as seguintes modificacións:

-ACTIVIDADES DE REFORZO e AMPLIACIÓN: En cada bloque de contidos propóñense actividades de reforzo e ampliación para realizar tanto dentro coma fóra do horario escolar. Aínda que o ideal sería que as puidesen realizar co profesor fóra de clase, se iso non é posible (polo horario de utilización das instalacións), pódense realizar programas específicos de mellora fóra da clase, onde a execución fose parte dos contidos previstos para ese grupo de alumnos.

-INACTIVIDADE: Ao non existir as exencións, os alumnos con limitación (temporal ou permanentes) realizarán as actividades que non prexudiquen o seu problema á vez que complementarán, con traballos prácticos e teóricos, os contidos que non poidan desenvolver e realizarán outros que traten sobre a súa doenza ou limitación física; tamén participarán na elaboración de apuntes para os compañeiros, participación en actividades deportivas realizando tarefas de arbitraje, dirección de actividades aos compañeiros (arrequexamento, xogos, exercicios de relaxación...).. Cando o período de inactividade sexa pouco prolongado o alumno recuperará eses aspectos prácticos ó longo do curso co apoio do profesorado, co fin de poderse avaliar ó final do curso, antes das avaliacións de xuño.

-ADAPTACIONES METODOLÓXICAS: para aqueles alumnos que precisen da adaptación da metodoloxía pero non dos contidos e obxectivos do curso.

-ADAPTACIÓN CURRICULAR: farase á vista dun certificado médico oficial onde se fagan constar as limitacións que o alumno posúe para a realización da práctica de actividade física. Debe tender a posibilitar a todos os alumnos a consecución dunha aprendizaxe construtiva e significativo a través de modificacións que flexibilicen as condicións de desenvolvemento.

Algunhas medidas que se poden incluír na **adaptación curricular** serán as seguintes:

a) **Adaptación dos obxectivos:** Establecer obxectivos principais centrados nos aspectos fundamentais que contemplan uns mínimos de referencia obxectivos secundarios que contemplan os anteriores pero que non sexan de obrigado cumprimento por parte dos alumnos.

b) **Selección e priorización dos contidos:** Para a consecución dun obxectivo deben existir distintos camiños, distintos contidos. Tamén aquí debe haber uns mínimos e, a partir deles, outros de maior grao de complexidade. Na selección de contidos establecemos suficiente variedade como para permitir a cada alumno a consecución do obxectivo.

c) Empregar **metodoloxías e estratexias centradas no proceso e no alumno:**

Os modelos de ensino baseados na procura permiten ao alumno unha maior toma de conciencia e de intervención, ao tempo que desenvolven a súa motivación.

d) Adaptación dos procedimentos de avaliación. Realización de probas adaptadas para avaliar a consecución dos obxectivos do curso.

J.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO:

1º ESO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Saídas no horario de clase xunto co profesor ás inmediacións do instituto para traballar en espazos abertos contidos como a condición física.	Todo o curso
Bodi box (Concello de Oleiros)	1º trimestre
Patinaxe no xeo (se procede).	Xaneiro ou febreiro
Ruta de sendeirismo (se procede).	1º ou 3º trimestre
Marcha ciclista (Concello de Oleiros).	Sen especificar.
Orientación (polas contornas do centro)	3º Trimestre

2º ESO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Saídas no horario de clase xunto o profesor ás inmediacións do instituto para traballar en espazos abertos contidos coma a educación física.	Todo o curso
Zumba (Concello de Oleiros)	1º Trimestre
Patinaxe no xeo (Se procede).	Xaneiro - febreiro
Marcha ciclista (Concello de Oleiros). Se procede.	Sen especificar.
Orientación (polas contornas do centro)	3º Trimestre

3º ESO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Saídas no horario de clase xunto co profesor ás inmediacións do instituto para traballar en espazos abertos contidos como a condición física	Todo o curso
Ruta de sendeirismo (se procede).	1º ou 3º trimestre
Surf (Concello de Oleiros).	1º Trimestre.
Semana da neve para a práctica do esquí (se procede).	2º Trimestre

“Iniciación á Cama Elástica”. (Se procede)	2º trimestre
Patinaxe no xeo (Se procede).	2º trimestre
Orientación (polas contornas do centro)	3º trimestre

4º ESO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Saídas no horario de clase xunto co profesor ás inmediacións do instituto para traballar en espazos abertos contidos como a condición física	Todo o curso
Ruta de sendeirismo	1º ou 3º trimestre
Remo e kaiak. (Concello de Oleiros).	1º trimestre
Semana da neve para a práctica do esquí (Se procede).	2º trimestre
Patinaxe xeo (Se procede).	2º trimestre
“Iniciación á Cama Elástica” (Se procede).	2º trimestre
Orientación (polas contornas do centro)	3º trimestre

1º BACHARELATO

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Saídas no horario de clase xunto co profesor ás inmediacións do instituto para traballar en espazos abertos contidos como a condición física	Todo o curso
Semana da neve para a práctica do esquí (Se procede).	2º trimestre
Patinaxe xeo (Se procede).	2º Trimestre
Senderismo e kaiak polo Mandeo (Concello de Oleiros).	1º trimestre
Orientación (polas contornas do centro)	3º trimestre

K.- INFORMACIÓN

Toda a información que o profesorado expondrá tanto para as situacións de **presencialidade, semipresencialidade e non presencialidade** será a través da utilización de:

- **SIXA** para as familias (Calendario de exames)
- e para os rapaces de 3º, 4º e 1º de Bachillerato a especificar por cada profesor: SIXA, Aula Virtual,....
- **EDIXGAL** para os rapaces de 1º e 2º da ESO.

En caso de pasar a unha situación **semipresencial e non presencial**, a canle de comunicación directa será través de **WEBEX**.

L. PROGRAMACIÓN 2º DE BACHARELATO

PROGRAMACIÓN 2º DE BACHILLERATO

1.- XUSTIFICACIÓN.

Xa fai tempo que existe unha petición por parte do alumnado de Segundo de Bacharelato de incluír a materia de Educación Física no seu currículo. Nunca entenderon que non houbera, que despois de estar incluída en toda a súa etapa educativa, sexa agora cando desapareza, cando a necesidade de moverse, relaxarse, socializarse é moi importante, nun curso onde a carga de traballo é grande, así coma a presión do profesorado e familia. Nun curso onde están sentados todo o tempo, dedicando moitas horas ó estudio, fai moi difícil un compromiso para co deporte.

Consideramos que a materia de EDUCACIÓN FÍSICA é unha asignatura vital para os alumnos en toda a súa etapa educativa onde aínda teñen que: integrar hábitos saudables na súa vida, experimentar e coñecer unha diversidade de propostas en forma de deportes, xogos, actividades físicas no medio natural, co fin de mantérense activos, porque a asignatura non é soo unha fonte de experiencias motrices, senón tamén é unha fonte de SAÚDE, de saúde pública. A Unión Europea e a OMS tamén o consideran.

Por todo iso, queremos promover a actividade física como medio para compensar as longas horas de estudo e incentivar o xogo ao aire libre para coidar a saúde física e emocional. Ao mesmo tempo, fomentar a responsabilidade individual no mantemento e mellora da calidade de vida. Por todo iso, creemos incluír esta materia no currículo de 2º de Bacharelato como *unha materia de unha hora*.

2. CURRÍCULO DA MATERIA

A Introdución e contextualización.

Como definiu a Organización Mundial da Saúde (OMS) en 1945, cando facemos referencia á saúde, non podemos falar soamente de ausencia de enfermidade, sino dun estado completo de benestar físico, mental e social.

Hoxe en día en nosa sociedade, hai unha realidade preocupante pola maneira de que nenos e adolescentes están cambiando os seus hábitos encamiñándose hacia prácticas pouco saudables; as cales, nun futuro moi cercano poden facer aumentar de forma alarmante as enfermidades provocadas por estes novos hábitos. Por iso, unha forma de atallalos é durante toda a etapa educativa, incluíndo o 2º de bacharelato, intentando a través da escola, modificar os estilos de vida de nenos e

adolescentes, ofrecéndolles innumerable oportunidades para formarse sobre hábitos alimentarios saudables e fomentar a práctica regular de actividade física e deporte, fomentando o desenrolo harmónico e integran do individuo, conseguindo desenvolver hábitos positivos para a saúde e contribuír de maneira decisiva a ese benestar físico, mental e social que determinou a OMS fai xa máis de 60 anos.

O centro está situado en Perillo, dentro do concello de Oleiros, nunha zona claramente urbana.

Ten cerca unha piscina municipal, aínda que nestes anos pasados non nos foi posible a súa utilización, intentaremos este vindeiro curso, buscala forma de chegar algún tipo de acordo ca empresa e cos alumnos e poder utilizala . Tamén intentaremos explotar a zona privilexiada con que conta o Centro. Situado preto da praia de Santa Cristina, conta cun paseo que nos permite traballar a materia, fóra do instituto, tendo en conta a idade do alumnado, faise máis doado poder levalo a termino.

A meirande parte do alumnado procede do CEIP Valle Inclán, anque tamén temos alumnado que se incorpora doutros centros da zona nos distintos niveis educativos e a maioría intégrase sen dificultade.

Desgraciadamente, as estatísticas advírtennos que os alumnos nestas idades, e especialmente as mozas, abandonan paulatinamente calquera intento de actividade física e/ou deportiva, fóra do Centro, por iso valoramos aínda máis, a prolongación da materia neste nivel de 2º de Bacharelato.

A aplicación da materia será *dunha hora a semana*, e aínda que xa sabemos que a incidencia nas modificacións funcionais do organismo en tan pouco tempo non é doado, consideramos que é unha axuda para complementar e axudar a conseguir un dos obxetivos plantexados da etapa educativa do Bacharelato:

“Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.” (Decreto 86/2015 do 25 de xuño).

No bacharelato o alumnado utilizará o seu potencial motor a o tempo que desenvolve todas a súas capacidades. Isto implica mobilizar toda unha serie de coñecementos, habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións, nas que a experiencia individual e colectiva permita adaptar a conduta motriz, conseguindo que o alumnado sexa un suxeito activo, responsable da xestión do seu estilo de vida saudable.

Esta materia do bacharelato, terá como finalidade introducir o alumnado na práctica de actividades físico-deportivas nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida. A materia ten en conta as novas formas de prácticas motrices que xorden na sociedade actual, moitas delas vinculadas ao contorno próximo do alumnado pola motivación intrínseca que representan, e que dan paso aos aspectos profesionais da materia.

O presente currículo de Educación Física mantén a coherencia e a homoxeneidade coas etapas anteriores, entendendo a materia como un continuo pero, dadas as características especiais e as súas variables, e, tendo en conta a novidade da

materia en 2º de Bacharelato, modifícanse substancialmente os **contidos**, que traballaránse de carácter transversal ao longo do curso de xeito integrado.

Os **contidos** presentaránse distribuídos en tres grandes bloques:

✓ BLOQUE 1. CONDICIÓ N FÍSICA E RENDEMENTO.

Neste bloque traballaránse aspectos coma a planificación de adestramentos tanto individuais coma grupais, adestramentos para a consecución dos niveis necesarios para o acceso a ciclos de grao medio e superior, graos universitarios (grao de Actividade Física e Deporte). Visionaránse as saídas profesionais relacionadas coa actividade física e deportiva.

Enfocarase este bloque tamén para a organización de eventos deportivos dentro de Centro, así coma a adquisición dos coñecementos necesarios para a creación de clubs ou entidades deportivas.

✓ BLOQUE 2. DEPORTES E HABILIDADES ESPECÍFICAS.

- Coñecemento das normas e regras dos deportes practicados.
- Perfeccionamento dos fundamentos técnicos, tácticos dos deportes e actividades físicas realizados.

✓ BLOQUE 3. ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS NO MEDIO NATURAL.

- Adquisición de actividades físico-deportivas dun xeito lúdico.
- Coñecemento das posibilidades que nos dá a contorna onde nos atopamos para a realización de diversas actividades físico-deportivas.

B.- Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave.

Entendemos por competencias básicas como a capacidade de pór en práctica de forma integrada, en contexto e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Este concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes. Vai máis aló do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser e estar.

Teñen un carácter básico, e son aquelas competencias que un alumno debe desenvolver ao finalizar o ensino obrigatorio e que ten continuidade na etapa do bacharelato, para poder lograr a súa realización persoal. Ao incluílas dentro do currículo preténdese integrar as diferentes aprendizaxes, tanto formais (incorporadas ás diferentes materias) como as non formais.

Cada unha das materias específicas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, ao mesmo tempo, cada unha das competencias básicas alcanzaranse como consecuencia do traballo en varias materias ao unísono.

Debemos remarcar, tal como recolle o decreto 133/2007 que regula os ensinos da educación secundaria e do bacharelato, adaptadas á comunidade galega que, á marxe deste traballo dende cada materia para lograr traballar estas competencias, débese completar con diversas medidas organizativas e funcionais, entre as que destaca de xeito claro a planificación de actividades complementarias e extraescolares que, como sabemos, constitúe un punto de apoio aos contidos da programación da Educación física, establecéndose así unha relación directa e clara.

Identifícanse sete competencias clave:

- En comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en Ciencias e Tecnoloxía
- Aprender a aprender
- Competencia dixital
- Competencia social e cívica
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor
- Conciencia e expresións culturais

De xeito máis xenérico:

Respecto da competencia da **conciencia e expresións culturais** debemos ter en conta que o corpo humano constitúe unha peza crave na interrelación da persoa coa contorna e a educación física está directamente comprometida coa adquisición do máximo estado de benestar físico, mental e social posible, nunha contorna saudable. A saúde como referencia fundamental maniféstase a través de respostas motoras variables que se corresponden coa esixencia de continuos axustes corporais adaptados ás condicións da contorna.

A educación física ten que adaptarse ao medio onde se desenvolven programas e contidos que a contorna social e cultural demanda.

Coñecemento tamén de materiais, técnicas e criterios específicos previos á realización de actividades fora do espazo/aula que garantan por unha banda a seguridade, e por outro o enriquecemento dos contidos.

A través da Educación física, proporciónanse coñecementos e destrezas sobre determinados hábitos saudables e de utilización de calidade do tempo de lecer, que acompañarán aos mozos máis aló da etapa obrigatoria (tamén en 1º e 2º de Bacharelato)

Por outra banda, colabora e sensibiliza nun uso responsable do medio natural a través das actividades físicas realizadas tanto na natureza, como nunha contorna máis urbana.

A Educación Física axuda tamén á competencia **matemática e competencia básica en Ciencias e Tecnoloxía** porque todos os deportes colectivos inclúen fundamentos tácticos e técnicos baseados en leis físicas e matemáticas, por exemplo os sistemas tácticos en Baloncesto ou os cálculos matemáticos e biomecánicos no golpeo de deportes de raqueta.

A Educación física expón situacións especialmente favorables á adquisición da competencia **social e cívica**. As actividades físicas, propias desta materia, son un medio eficaz para facilitar a integración e fomentar o respecto, á vez que contribúen ao desenvolvemento da cooperación, a igualdade e o traballo en equipo.

A práctica e a organización das actividades deportivas colectivas esixen a integración nun proxecto común, e a aceptación das diferenzas e limitacións dos participantes, seguindo normas democráticas na organización do grupo e asumindo cada integrante as súas propias responsabilidades. A través do cumprimento das regras e normas establecidas polo grupo na práctica das modalidades deportivas, edifícanse así saberes sociais e deportivos que permiten establecer relacións construtivas que facilitan a integración dos alumnos na sociedade/grupo. Proponse así formar un alumno activo a través dunha educación física que teña en conta o espazo social no que se desenvolve, capaz de analizar con ollo crítico o conxunto de espectáculos, manifestacións, valores e actitudes que viran en torno ao deporte como expresión cultural para analizar a realidade social onde vivimos, seleccionando información e procesándoa obtendo análises persoais que o acheguen a unha cultura deportiva.

Axúdanos tamén a integrar alumnos con necesidades especiais, contribuíndo a darlles un sitio nesta sociedade.

Esta competencia tamén relaciona o dereito que toda a cidadanía ten respecto da saúde coa promoción da actividade física durante o período escolar buscando hábitos saudables para sempre máis a longo prazo. O sedentarismo é un problema importante da saúde pública, como o é tamén os hábitos alimenticios e a progresiva obesidade non saudable.

A educación física axuda de forma destacable á consecución de autonomía e iniciativa persoal, fundamentalmente en dous sentidos. Por unha banda, se outorga protagonismo ao alumnado en aspectos de organización individual e colectiva de xornadas e actividades físicas e deportivas ou de ritmo, e en aspectos de planificación de actividades para a mellora da súa condición física.

O ensino das diferentes propostas motoras, a través de xogos, deportes, actividades no medio natural ou no desenvolvemento da condición física, expresión corporal etc.; orientámolo cara á formación dun ser, cidadán autónomo capaz de decidir, relacionar executar e reflexionar sobre as súas actuacións e transferir o traballo dentro do aula a outros espazos persoais de recreación, lecer e tempo libre.

A competencia **dixital** se traballa nesta asignatura coa utilización das novas tecnoloxías aplicadas á actividade física e o deporte.

A Educación física axuda á consecución da competencia para **aprender a aprender** ao ofrecer recursos para a planificación de determinadas actividades físicas a partir dun proceso de experimentación. Todo iso permite que o alumnado sexa capaz de regular a súa propia aprendizaxe e práctica da actividade física no seu tempo

libre, de forma organizada e estruturada. Así mesmo, desenvolve habilidades para o traballo en equipo en diferentes actividades deportivas e expresivas colectivas e contribúe a adquirir aprendizaxes técnicas, estratéxicos e tácticos que son xeneralizables para varias actividades deportivas e expresivas.

Á adquisición da competencia en **comunicación lingüística** a materia contribúe, como o resto, ofrecendo unha variedade de intercambios comunicativos e a través do vocabulario específico que achega. Do mesmo xeito a través do uso do corpo como vehículo de sensacións, accións, transmitindo estados de ánimo, sinais, configurando as bases da linguaxe corporal e comunicación xestual.

Para rematar como medio habitual para transmitir os coñecementos adquiridos e que por motivos de incapacitacións físicas ou sinxelamente por un nivel moi reducido de dominio motriz non logramos adquirir a través da práctica físico motriz. Non podemos realizalo, pero sabemos explicalo, ver os erros, analízalo, etc...

A competencia en **sentido da iniciativa e espírito emprendedor** e unha das competencias máis importantes desta asignatura. A través do exercicio físico os alumnos acadan unha capacidade para elixir e planificar a súa actividade física no seu tempo de lecer.

C Concreción dos obxetivos para o curso.

Unha vez acadados a maioría dos obxetivos xerais de etapa, nesta materia específica do 2º de Bacharelato, imos concretar algúns deles.

OBXECTIVOS

- a• Coñecer e valorar os efectos positivos da práctica regular de actividade física no desenvolvemento persoal e social, facilitando a mellora da saúde e a calidade de vida.
- b • Organizar e participar en actividades físicas como recurso para ocupar o tempo libre e de lecer, adoptando as medidas necesarias para minimizar os riscos e valorando os aspectos sociais e culturais asociados.
- c• Adquirir un estilo de vida saudable, especialmente no que respecta á práctica continua e adaptada de actividade física.
- d• Aplicar os procedementos para a planificación de actividade física que permitan a xestión autónoma dun proxecto persoal de actividade física para a saúde ou cara ao rendemento.
- e• Utilizar procedementos de avaliación que proporcionen información que facilite a toma de decisións fundamentais na elaboración dun proxecto persoal de actividade física.
- f • Desenvolver as capacidades motoras de xeito diverso e global para favorecer a consecución e mantemento dunha boa saúde.
- g • Desenvolver as capacidades motoras para consolidar unha aptitude motora que permita a preparación axeitada de probas de acceso aos estudos vinculados á educación física ou probas de acceso de carácter profesional
- h• Coñecer, organizar e practicar xogos motores e actividades deportivas, adaptadas aos intereses do alumnado, ás instalacións do centro e aos recursos materiais

disponibles, dando prioridade á toma de decisións e aplicando recursos técnicos aprendidos nas etapas anteriores.

i• Organizar e practicar actividades físicas no medio natural e no contorno urbano, favorecendo e demostrando actitudes que contribúan á súa conservación.

j • Adoptar unha actitude crítica fronte a prácticas sociais con efectos negativos para a saúde individual e colectiva

k• Coñecer e aplicar normas básicas de hixiene postural sobre a base de criterios ergonómicos..

D Concreción para cada estándar de aprendizaxe.

* Temporalización

UNIDADE DIDACTICA	TEMPORALIZACIÓN	Nº DE SESIONS	NÚMERO DE SESIÓNS ANUAIS
1ª AVALIACION	CONDICIÓN FISICA	4	+/-12
	PRUEBAS CONDICIÓN FÍSICA (tests)	1	
	PATINAXE	2	
	BALONCESTO (Competición)	4	
2ª AVALIACION	CONDICIÓN FISICA	4	+/-12
	NATACIÓN	4	
	VOLEIBOL (Competición)	4	
3ª AVALIACION	CONDICIÓN FÍSICA	4	+/-12
	RUTAS CICLISTAS	2	
	DEPORTES DE RAQUETA Tenis, badminton, squash.... (Competición)	6	

2º BACHARELATO.

Bloque 1. Condición Física e rendemento				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
a c d e k	. Saídas profesionais.	<p>1. Adquirir as destrezas motrices necesarias para acceder ás saídas profesionais relacionadas coa actividade física e o deporte, para ofrecer orientación sobre futuros especialistas na materia.</p> <p>2. Adquirir as destrezas necesarias para acceder ás saídas profesionais relacionadas coa actividade física e o deporte necesarias para cumprir cos futuros estudos.</p> <p>3. Elaborar e poner en práctica un programa de actividade física e saúde, incrementando as calidades físicas implicadas, a partir da avaliación do estado inicial.</p>	<p>1. Coñece as posibilidades profesionais futuras, e domina as probas de acceso.</p> <p>2. Traballa especificamente para o dominio das probas de acceso.</p> <p>3. Domina teóricamente os contidos fundamentais da materia.</p>	1
	. Planificación da Condición Física	<p>4. Planificar, elaborar e pór en práctica un programa persoal de actividade física que incida na mellora e no mantemento da saúde, aplicando os sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, tendo en conta as súas características e nivel inicial, e avaliando as melloras obtidas.</p>	<p>1 Alcanza os seus obxectivos de nivel en función dos obxectivos de rendemento, asumindo a responsabilidade da posta en práctica do seu programa de actividades.</p> <p>2 Avalía as súas capacidades físicas e coordinativas considerando as súas necesidades e motivacións, e como requisito previo para a planificación da súa mellora</p>	1

Bloque 2. Deportes e Habilidades específicas

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
g h	<ul style="list-style-type: none"> Perfeccionamento técnico e aplicación de normas tácticas fundamentais para a realización de actividades deportivas individuais, colectivas e de adversario. Aplicación do coñecemento dos fundamentos técnicos, tácticos e regulamentarios dos deportes practicados. 	<p>1. Resolver situacións motoras en diferentes contextos de práctica aplicando habilidades motoras específicas individuais ou de adversario/a con fluidez, precisión e control, perfeccionando a adaptación e a execución dos elementos técnicos desenvolvidos no curso anterior.</p> <p>2. Solucionar de xeito creativo situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos, adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.</p> <p>3 Participar na organización de actividades físico-deportivos, tendo en conta os requisitos dos diferentes eventos deportivos.</p>	<p>1. Perfecciona as habilidades específicas das actividades individuais que respondan aos seus intereses</p> <p>2. Adapta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e polas persoas adversarias, nas situacións colectivas.</p> <p>3. Resolve con eficacia situacións motoras nun contexto competitivo.</p>	1 2 3

Bloque 3. Actividades físico-deportivas no medio natural e no contorno urbano

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
b i	<p>1. Actividades físicas no medio natural e no contorno urbano.</p> <p>2. Planificación e realización de actividades físicas en contornos non estables.</p> <p>3. Actividade física como recurso de lecer activo, fenómeno sociocultural, actividade deportiva con amigos.</p>	<p>1. Participar na organización de actividades físico-deportivas, tendo en conta os requisitos dos diferentes eventos deportivos.</p> <p>2. Realizar actividades físico-deportivas no medio natural, demostrando actitudes que contribúan á súa conservación.</p>	<p>. Diseña e leva a cabo actividades físico-deportivas no medio natural e no contorno urbano que impliquen desprazamentos en terreos accidentados.</p> <p>. Realiza desprazamentos en contornos non estables, adaptándose ás variacións que se producen e adoptando as medidas de seguridade necesarias.</p> <p>. Diseña, organiza e participa en actividades físicas, como recurso de lecer activo, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas e as súas posibilidades profesionais futuras, e identificando os aspectos organizativos e os materiais necesarios.</p>	2 3

E Concrecións metodolóxicas que require a materia

- ESTILO ENSINO

- .Asignación de Tarefas
- .Descubrimento guiado
- .Mando directo
- .Resolución de problemas

A riqueza de contidos da nosa materia posibilita utilizar a maioría, ata ir variándoos en función dos contidos e ritmos de aprendizaxe. Entretanto, as estratexias utilizadas deben sinalarse para cada sesión que compón a Unidade Didáctica.

De xeito xeral dicir que utilizaremos fundamentalmente o mando directo e a resolución de problemas principalmente. O tempo é tan pouco en educación física que é o máis aconsellable, aínda que é certo que en determinado momento poden utilizar os estilos menos directivos fomentando así a experimentación mais creativa, activa e significativa ao estudante.

- TIPO DE PRÁCTICA

- .Masiva
- .Distributiva

A riqueza de contidos da nosa materia posibilita utilizar a maioría, ata ir variándoos en función dos contidos e ritmos de aprendizaxe, polo tanto será fundamentalmente distributiva.

- METODO DE PRÁCTICA

- .Analítico
- .Global
- .Mixto

Ao fío dos estilos de ensino, fundamentalmente será analítico e mixto.

- TIPO DE TAREFA

- .Perceptiva
- .Toma de decisión
- .Execución

Tendente ás de execución cando primen aspectos técnicos ou puramente físicos, e máis en liña perceptiva e de tomas de decisión cando a influencia táctica sexa maior, ou se requira que o alumno pense o que fai antes de realizalo.

F Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar.

MATERIAL		Cantidad	Observaciones
BALONES	Fútbol	13	
	Baloncesto	36	
	Voleibol	12	
	Rugby	9	
	Medicinales	22	<i>1 balón grande, 10 medianos y 11 pequeños.</i>
	Balonmano	25	<i>Uno de los balones está muy estropeado.</i>
PELOTAS	Gimnasia (Goma)	20	<i>19 pelotas tamaño mediano 1 pelota tamaño pequeño</i>
	De espuma	1	
	Ping Pong	4	
	Tenis	34	
Bolas	Hockey Sala	6	
VALLAS		4	
CUERDAS		30	<i>Las hay normales, de colores y de distintos grosores y resistencia.</i>
RAQUETA	Palas Ping Pong	4	
	Bádminton	29	

S	Raquetas Tenis	14	
	Raquetas Plástico (padel)	28	
OTROS MATERIALES	Caja de libros nombre, editorial...	21	<i>Los deportes olímpicos.</i>
	Indiakas	2	<i>3 de ellas no tiene pluma.</i>
	Palos hockey	32	
	Conos	18	<i>5 de ellos tienen la base estropeada.</i>
	Setas	28	
	Cinta métrica	1	
	Diábolos	4	
	Testigo relevos	2	
	Mancuernas 250gr	44	
	Sacos	9	
	Baloneras	4	<i>Cestas con ruedas para desplazar los balones.</i>
	Packs petanca	4	
	Petos	34	
	Equipo de música	1	
	Redes de voleibol	3	
OTR	Red bádmiton	2	
	Discos voladores	5	

OS MATERIALES	Hinchador eléctrico	1	
	Bombín	1	
	Quitamiendos	2	
	Colchonetas	23	
	Espalderas	30	
	Bancos suecos	13	
	Mesas Ping Pong	4	
	Volantes/Plumas Bádminton	40	<i>16 de interior 24 de exterior</i>
	Picas	11	
	Porterías	2	
	Red porterías	2	
	Canastas	4	
	Plinton	2	
	Potros	3	
	Postes Voleibol	2	
	Saltómetro	1	
	Pizarra	1	
	OTROS	Minitramp	3
Esqueletos miniatura		4	
Redes portátiles ping pong		4	
Cinta elástica		2	

MATERIALES	Red tenis	1	
	Regleta	1	

G. Criterios específicos sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

ASPECTOS XERAIS

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado da Educación secundaria obrigatoria será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

Os profesores avaliarán aos seus alumnos tendo en conta os diferentes elementos do currículo.

Os criterios de avaliación das materias serán referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como o de consecución dos obxectivos.

O equipo docente constituído polo conxunto de profesores do alumno, coordinados polo profesor titor, actuará de xeito colexiado ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes do mesmo para a titulación / promoción ou non dos alumnos.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, axiña que como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. Para iso debe expresarse claramente a activa participación do alumno, cun constante traballo e interese, pero que non resulta suficiente para chegar aos obxectivos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA ENSINO PRESENCIAL

✓ 50%: participación e traballo diario.

No que se terá en conta:

- Puntualidade e asistencia.
- Asistencia obrigatoria a clase: tres faltas sen xustificar suporán a perda da opción de superar a avaliación.
- Actitude participativa, activa e positiva tanto a nivel persoal, como respecto dos demais (de axuda á aprendizaxe, ou como modelo de mellora), independentemente do grao de dominio da materia, en cada unha das unidades didácticas deseñadas e nas tarefas propostas.
- Aseo diario logo da práctica. Obrigatorio levar: camiseta limpa, toalla e xel ou xabón.
- Coidado, recollida e uso correcto do material.
- Utilización de indumentaria deportiva adecuada: zapatillas deportivas ben atadas e axeitadas, pelo recollido, ...
- Non traer obxectos de valor: reloxos, cadenas, móbiles...
- Traer mascariñas de reposto (mentres dure a pandemia).
- Tres faltas sen xustificar no trimestre suporán a imposibilidade de aprobar a avaliación.
- Conduta que facilite normal desenvolvemento das clases.
- Actitude positiva nas actividades complementarias e extraescolares.
- Respecto e axuda a profesor e compañeiros na atención na explicación das tarefas e a súa realización.
- Exteriorizar nas sesións comportamento de superación e esforzo sobre as tarefas propostas.

- Sacar a mascariña, non manter a distancia de seguridade de xeito reiterado ou tocar o material non permitido, suporá unha falta grave. (Mentres dure da pandemia).
 - Presentación dos traballos nas datas fixadas
- ✓ **50%: avaliación práctica.** Mediante probas prácticas de execución de contidos, partindo da avaliación inicial dos alumnos, xeralmente unha por u.d., rexistro diario de clase,...

A avaliación dos alumnos exentos da práctica levarase a cabo de forma especial. Os alumnos exentos deberán realizar:

- Copia diaria da sesión que realizan os seus compañeiros, indicando os exercicios realizados, a qué parte da sesión pertence, descripción teórica e gráfica e incidencias que poideran producirse, así como participación e axuda no desenrolo da clase: anotando tempos, medindo probas, axudando co material. 50%
- Presentación dun traballo cada avaliación con temas previamente determinados nunha conversa co profesor, relacionado cos contidos da avaliación e o motivo de exención. 50%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA ENSINO NON PRESENCIAL.

Considerando que haxa períodos de ensino presencial combinado con mínimos períodos de ensino non presencial, mantemos o baremo do curso anterior no confinamento para o **Ensino non Presencial**:

- Poñeremos coñecementos teóricos, que sumarían 2 puntos con respecto á media do ensino presencial. **Instrumentos de avaliación:** exames, traballos, cadernos, diario da actividade....

Se un alumno ten suspensa unha avaliación poderá facerse media coas outras dous para a nota final, se ten dúas, estará automaticamente suspenso.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

- . Superación das probas teóricas e prácticas en cada trimestre. Nas probas prácticas os alumnos/as terán que acadar os mínimos establecidos na programación para cada bloque de contados.
- . Presentación dos traballos teóricos dos días que non poidan realizar actividade física.
- . Realización da práctica das sesión de clase.
- . A puntualidade será un criterio de avaliación tido en conta.
- . Tamén será criterio de avaliación traer ropa e calzado deportivo axeitados para a práctica da actividade física.
- . Atender as indicacións e explicacións do profesor, tendo unha actitude receptiva para o desenvolvemento das distintas tarefas.
- . Participación activa nas actividades de clase, cunha actitude e predisposición adecuadas, e nas que o esforzo persoal será o valor máis importante.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

- 1 Ter presentado, dun xeito aceptable todos os traballos encargados ao longo do curso.
- 2 Ter entregados a ao día todos os traballos e as fichas e anotacións que sinalara o profesorado.
- 3 Ter asistido a todas as sesións de clase, aínda que non se poida facer á práctica, neste caso terá que entregar o traballo realizado en cada sesión, xustificando debidamente enfermidades ou lexións.
- 4 Realizar todas as probas dos diferentes bloques de contidos, sulñando que se debe ter acadado unha progresión individual suficiente.
- 5 Cumprir as normas de funcionamento expostas nas primeiras clases en canto a puntualidade, roupa e material axeitado, comportamento, actitude e positiva, respecto, superación das probas teóricas e prácticas.

Aqueles alumnos/as que non cumpran estes requisitos na avaliación de xuño, terán que ir á avaliación extraordinaria de setembro.

H. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Os indicadores de logro que se van a avaliar no proceso de ensino serán:

- 1 Temporalización das unidades didácticas.
- 2 Desenrolo dos obxetivos didácticos
- 3 Manexo dos contidos da unidade.
- 4 Descriptores e desempeño das competencias.
- 5 Realización de tarefas.
- 6 Estratexias metodolóxicas seleccionadas.
- 7 Recursos.
- 8 Claridade nos criterios de avaliación.
- 9 Uso de diversas ferramentas de avaliación.
- 10 Evidencias dos estándares de aprendizaxe.
- 11 Interdisciplinaridade.

I. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Sendo unha nova materia, non hai alumnos pendentes. En todo caso seguirase o funcionamento recollido na programación do departamento.

J. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso de bacharelato.

Debido as características da asignatura, non se pode dar este caso.

K. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Na avaliación inicial facilítanos non só coñecemento achega do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información achega de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir de ahí poderemos:

. Identificar aos alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc...)

. Saber as medidas organizativas a adoptar: planificación de reforzos, ubicación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.

. Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles.

. Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.

L. Medidas de atención á diversidade.

Dada as características da asignatura, a progresión do alumnado segunda súas capacidades, é parte dos criterios a avaliar, polo que a atención a diversidade baséase nese concepto. Por riba os alumnos que teñen esta materia son alumnos/as cunha boa competencia motriz, polo que a diversidade é menor.

M. Concreción dos elementos transversais que se traballarán.

O elemento transversal que máis se traballa nas clases de Actividade Física e Deporte é a educación cívica, xa que nas actividades en grupo, que son a maioría, se fomenta o respecto a os demais e os valores democráticos. Por outra banda, aínda que as clases son fundamentalmente prácticas, no desenvolvemento dos contidos conceptuais utilízase a lectura. Ademais, na realización dos traballos teñen que consultar diversas fontes e realizar unha síntese da información atopada, exercitando a comprensión lectora e, no caso de que se utilicen recursos informáticos, traballaranse as tecnoloxías da información e da comunicación. Así mesmo, na elaboración e exposición de traballos e nos debates sobre os contidos traballados, exercitamos a expresión oral e escrita.

N. Actividades complementarias e extraescolares.

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Saídas no horario de clase xunto co profesor ás inmediacións do instituto para traballar en espazos abertos ou cerrados (piscina) contidos como a condición física	Todo o curso
Semana da neve para a práctica do esquí.	2º trimestre
Patinaxe xeo.	2º Trimestre
Ruta ciclista	3º Trimestre

Ñ. Mecanismos de revisión, avaliación e modificacións das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Seguirase os mesmos criterios que na programación de departamento.

A Coruña, a 30 de setembro de 2021

Aso: Isabel Moar Gayoso
Xefa Departamento Educación Física